

Para sempre, en galego



Declaro que

Son galeg@ e quero selo sempre.

Eu, como cada unha das persoas que asinamos este documento, entendo que un dos xeitos principais de asumir, querer, recoñecer, visibilizar, sentir e expresar a miña galegitude é a través da lingua.

Por iso, como cada unha das persoas que asinamos este documento, manifesto:

1º Que a lingua galega é a nosa lingua propia e a que me gustaría que se usase para lembrarme.

2º Que, chegada a hora do meu pasamento, desexaría que todo o relativo aos posibles actos fúnebres e enterro sexan realizados en lingua galega e, polo tanto, pídolles á miña familia, ás amizades, ás autoridades relixiosas e civís e aos servizos funerarios que fagan en lingua galega todo canto teñan que facer, público ou privado, oral ou escrito.

Rianxo, 31 de outubro de 2019